

Martín Fañanás Mastral

Nado en Zaragoza, aínda que asturiano de adopción, Martín Fañanás-Mastral licenciouse en Química pola Universidade de Oviedo no ano 2002. Deseguida realizou o doutoramento na mesma universidade, grazas ao cal obtivo o Premio Extraordinario de Doutoramento no 2007. Fixo unha estadía predoutoral na Universidade de Cambridge (Reino Unido), onde traballou na síntese total do produto natural bengazol A, no grupo do profesor Steven Ley.

No ano 2009, uniuse ao grupo do profesor Ben Feringa (premio Nobel de Química 2016) na Universidade de Groningen (Países Baixos) de investigador postdoutoral. Alí traballou no desenvolvemento de reaccións catalíticas de substitución alílica enantioselectiva, reaccións de axuste cruzado de compostos de organolitio e reaccións de oxidación.

No 2014, incorporouse ao Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) de investigador Ramón y Cajal e, no 2021, foi nomeado profesor titular. Fañanás-Mastral lidera o grupo de investigación Catálise Sostible e Síntese Asimétrica, centrado no descubrimento e mais no estudo de novas reaccións catalizadas por complexos metálicos que permitan levar a cabo a transformación selectiva de materiais abundosos e accesibles, de xeito sostible e con alta eficiencia atómica.

Na convocatoria do 2019, Fañanás-Mastral acadou unha ERC Consolidator Grant para levar a cabo a súa proposta [BECAME](#). Cunha dotación económica de 2 M€ e unha duración de cinco anos, o proxecto traballa na funcionalización do metano e outros alcanos lixeiros. A pesares de ser unha das materias primas máis abundosas no noso planeta, a súa baixa reactividade fixo que o emprego de metano sexa extremadamente difícil para fins máis aló da combustión aeróbica e a produción de gas de síntese. O proxecto pretende desenvolver novas tecnoloxías baseadas en catalizadores metálicos que permitan a conversión do metano en moléculas orgánicas máis complexas, ao buscar, deste xeito, vías sintéticas máis limpas e sostibles para a produción de produtos químicos de alto valor engadido, que poidan ser empregadas, por exemplo, na produción de fármacos ou combustibles.

No 2015 o doutor Fañanás-Mastral recibiu o premio da revista [Thieme Chemistry Journal Award](#), no 2016 foille concedido [o Premio a Jóvenes Investigadores](#) da Real Sociedad Española de Química e, no 2018, outorgóuselle [o Premio Joven Investigador Lilly - RSEO](#).